

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 24 DE XUÑO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintecatro de Xuño de mil novecentos noventa e seis; ás tres da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente acctal, Don Xosé Pérez Iglesias - Concelleiros: Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 17 de Xuño.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

**3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-**

Non houbo.

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Da Farmaceutica titular, partes quincenais de cloración de augas

do abastecemento de consumo publico de Santa Cristina e de Ribadavia.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación da minuta de gastos presentada por Don Federico Pérez Mato polo seu desprazamento a Madrid con motivo do proxecto denominado "Red de Juderías de España", no período comprendido entre o 9 e mailo 10 de Xuño pasado, por importe total de 41.846 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento a conta a Unión Fenosa das facturas de alumeado público de edificios e instalacións públicas de 1995, por importe de 1.572.002 pesetas.

#### **ADXUDICACION DO CONCURSO PARA CONTRATACION DE SERVICIOS DEPORTIVOS DURANTE 1996 NAS ACTIVIDADES FISICO E DEPORTIVO RECREATIVAS DE NATACION E PIRAGUISMO DA ESCOLA MUNICIPAL.-**

Aprobado pola Comisión Municipal de Goberno na súa sesión ordinaria do 27 de Maio pasado o prego de condicións para a prestación de servizos deportivos durante 1996 nas actividades físico deportivo recreativas de Natación e Piragüismo na Escola Municipal; unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 128 de 5 de Xuño de 1996 e transcorrido o prazo para a presentación de proposicións, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, examinadas todas e cada unha delas así como tamén a documentación que se achega ás mesmas e, visto o informe do Director do Servizo Municipal de Deporte, acordou o seguinte: 1.- Declarar válido o acto de licitación.- 2.- Adxudica-lo concurso definitivamente para a contratación dos servizos deportivos durante 1996 nas actividades físico e deportivo recreativas de Natación e Piragüismo da Escola Municipal; quedando a adxudicacion do seguinte xeito: **NATACION.-** DONA LAURA CRESPO IBOR, veciña de Ourense, con domicilio na rúa Ramón Pereira, 4, 7º, dereita, por importe de 2.900 pesetas/hora, impostos incluídos.- **PIRAGUISMO.-** CLUB DE PIRAGUISMO BARQUEIROS DO MIÑO, con domicilio na rúa Ramón Otero Pedrayo, nº 8, desta Vila, por importe de 3.200 pesetas/hora, impostos incluídos.- Na súa consecuencia, esta Comisión Municipal de Goberno, dispón que se lle notifique ós interesados esta decisión citándolle para a formalización do correspondente

contrato administrativo, no prazo de cinco días, contado a partir da data da notificación.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non se formularon.

E sendo as tres e media da tarde, o Sr. Alcalde accidental, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.